

## Seres míticos

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *O Lobo da Xente de Cereixedos comeu un neno*

A un rapaz do Tío Carlos de Pradocabalos, concello de Viana do Bolo (Ourense), comeuno o Lobo da Xente un día que o mandaron a Cereixedos polas vacas.

Era inverno, chuviñaba e nevaba. As vacas chegaron á casa, e tamén unha borrica pequena, pero o rapaz non apareceu.

Cando o foron buscar xa viron por onde o arrastrara, no lugar da Fraga Grande. Deixáralle o brazo dereito e algunha parte máis do corpo. Hoxe hai unas cruces onde o lobo comeu o neno.

Crese que foi o Lobo da Xente, e que desde aquela ía petarille na porta da casa todas as noites ao Tío Carlos.

Dicíalle:

☐ Carlos, Carlos, sae!

E logo dicíalle que nunca comera unha carne tan saborosa coma a do seu fillo.

O Tío collía a escopeta e saía disparado para pillalo. Corría tras del polo nabal, pero nunca o deu collido.

+ [info sobre o ☐ Lobo da xente ☐](#)

## BIBLIOGRAFÍA

ROBLEDO MUÍÑA, Carne, RODRÍGUEZ FONTARIGO, Francisco, *Cultura popular de tradición oral nas bisbarras de Laza, Viana do Bolo, Vilariño de Conso* (Ourense), Xunta de Galicia, Imprenta Monterrey-Verín (Ourense), 1994, páx. 34. (versión de Francisco Blanco Pinza (70 anos). Vilardemilo, Viana do Bolo)